

ENTREVISTA

Antonio Campelo, o último cesteiro de Mondariz

“Olle chabalua alvira o gerdello que se portea a batería do coime” (“compañeiro, súbelle o prezo ós cestos...”).

- **Que tipo de árbores se empregan para facer os cestos?**

- Madeira de carballo, castiñeiro ou acacia. Eu sempre traballei con madeira, logo está o vimbio pero é outra cestería distinta.

- **Qué ferramentas se utilizan?**

- Empréganse unha fouce, unha macheta, un coitelo, un ferro frío e outro quente.

- **Cal é o proceso de elaboración?**

- Primeiro hai que ir ó monte buscar a madeira. A mellor época para cortala é o menguante de xaneiro. Despois hai que quentala para poder rachala, logo pásase ó cabaleta e de seguido á banca onde se lle fai o fondo. Unha vez preparado este, córtanse as estelas e despois cun cordel levántase o cesto arredor e empézase a tecer dun lado a outro en círculo. Cando xa está cosido colócaselle a asa.

- **En que época traballaban os cesteiros?**

- Traballábase desde marzo ata outubro, sendo a época de máis tarefa a dos meses que precedían á vendima, agosto e setembro, para que cando chegase o momento da recolleita estivese todo a punto.

- **Como se traballaba?**

- Íase polas casas do Ribeiro, que era o lugar onde máis se solicitaba o noso servizo por mor da vendima. Recordo as tempadas que pasaba na casa de D. Fermín Bouza Brey, traballando para el. Andábase ó xornal pero tamén se vendían os cestos nas feiras veciñas.

- **Canto tempo se necesitaba para elaborar un cesto?**

- Un día. Tiñamos que facer 3 cestos entre dúas persoas nun día.

- **Seica os cesteiros tiñan unha lingua propia, díganos algunhas palabras na mesma.**

- Cesto= gainete; madeira = arxe; carballo= coirán; cesta = geipa...

- **Algún refrán coñecido?**

- Moitos: “As mozas do Escobeiro non queren ós cesteiros senón ós brasileiros”.

- **E cantigas?**

- “Vindo eu para Mondariz/ pola ponte do Xabriña/ topeime cunha rapaza/ que choraba, coitadiña.

A nena choraba triste,/ por un amor aventureiro,/ que foi polo mundo adiante,/ a traballar de cesteiro.

Por onde vai o cesteiro,/ o amor faise sentir,/ pra namorar, os cesteiros,/ cesteiros de Mondariz.



Antonio Campelo

Antonio Campelo é natural de San Pedro de Escobeiro, Mondariz. Naceu en 1928 e comezou o oficio de cesteiro ós 13 anos, na compañía do seu pai. Foi e segue sendo todo un experto, aínda que confesou que lle tivese gustado ser albanel.

Entrevista
Realizada por:
Noelia Sequeiros
Ferreira

Firma:



VºBº do profesor: